



### CCNN TEMA 3

Os **caracteres sexuais primarios** son os órganos reprodutores, presentes en todos nós desde o momento de nacer.

Os **caracteres sexuais secundarios** son outras características físicas diferentes dos órganos reprodutores que permiten recoñecer un home ou unha muller. Por exemplo, os homes carecen de mamas e a súa voz é grave; a das mulleres é máis aguda, e as súas mamas están desenvolvidas. Os caracteres sexuais secundarios desenvólvense a partir da puberdade.

O **aparello reprodutor feminino** está formado polos ovarios, trompas de Falopio, útero, vaxina e vulva.

O **aparello reprodutor masculino** está formado polos testículos, condutos deferentes, uretra, próstata e pene.

#### Completa as seguintes frases:

- A peluxe facial é un carácter sexual \_\_\_\_\_.
- Os homes adoitan ter \_\_\_\_\_ peluxe facial ca as mulleres.
- As mulleres teñen as mamas \_\_\_\_\_ desenvolvidas ca os homes.
- A voz das mulleres adoita ser máis \_\_\_\_\_.
- O aparello reprodutor é un carácter sexual \_\_\_\_\_.

Une cunha liña cada órgano coa parte que lle corresponda no debuxo do aparello reprodutor feminino ou masculino.

|                    |  |  |            |
|--------------------|--|--|------------|
| ovario             |  |  | próstata   |
| trompas de Falopio |  |  | uretra     |
| útero              |  |  | pene       |
| vulva              |  |  | testículos |